

## **BASES DE SUBVENCÍONS DE APOIO Á CULTURA, DESTINADAS AOS CENTROS E CASAS CULTURAIAS DO CONCELLO DE PONTEAREAS. ANO 2019**

### **1.-OBJECTO**

O Concello de Ponteareas, no marco da súas competencias, ten un especial interese en apoiar e poñer en valor os centros e casas culturais do termo municipal de Ponteareas. Entenderase, en diante, por centro ou casa cultural todos aqueles centros culturais, casas culturais, teleclubs, centros artísticos, etc. incluídos dentro da “Rede de Casas Culturais” do Concello de Ponteareas.

Con este fin, promove unha liña de subvencións que teñen por obxecto colaborar cos gastos de funcionamento e mantemento dos mencionados centros, así como fomentar, impulsar e apoiar as actividades culturais e musicais que estes desenvolven dentro do seu ámbito de actuación.

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, na web do Concello e na Base de Datos de Subvencións

### **2.-IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA**

As subvencións recollidas nestas bases concederanse con cargo á partida 33000/48000 do orzamento municipal do ano 2019, ata un máximo de 50.000 euros. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

### **3.-BENEFICIARIOS**

Poderán solicitar estas axudas as asociacións sen ánimo de lucro e legalmente constituídas dos centros e casas culturais do municipio de Ponteareas.

As asociacións que dispoñan de estrutura e experiencia que garanta a viabilidade dos proxectos e das actividades

Por cada centro ou casa cultural só será beneficiaria unha asociación, preferentemente será unha asociación cultural que rexente e desenvolva actividades permanentes durante o ano

Non poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas asociacións que teñan pendente xustificar subvencións concedidas no exercicio anterior no mesmo programa.

Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **4.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

As solicitudes e declaracións previstas na base 6, formalizaranse nos modelos normalizados (Anexos: 1, 2, 3 e 4) que se facilitarán no Departamento de Cultura Concello de Ponteareas, ou na páxina web do concello: [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), e presentarase **prioritariamente por medios electrónicos a través da sede electrónica no Rexistro de Entrada do Concello de Ponteareas**, ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 2 de outubro do procedemento administrativo común de Administracións Públicas (LPACAP).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

**O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).** A publicación realizarase tamén no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e na web municipal. Se o día de vencemento do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte

#### **5.- EMENDA DE SOLICITUDES**

Se a documentación presentada fose incompleta, requiriráselle ao solicitante para que, no prazo de **5 días hábiles** emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose emendada, e previa resolución da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 68 da LPAC, considerarase desistida.

## 6.-DOCUMENTACIÓN

As entidades que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación no rexistro de entrada do Concello de Ponteareas :

- A solicitude debidamente cuberta (**Formulario 1**).
- Fotocopia da Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade (**CIF**)
- Fotocopias do **DNI do presidente e do representante debidamente autorizados**, e o documento que acredite tal representación (copia da acta co nomeamento)
- **Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais autonómicas e estatais e coa Seguridade Social, e volver a presentalos de xeito inexcusable no momento en que se vaia a proceder ao pago da subvención. Ou ben, cubrir o Anexo 4 autorizando ao Concello para que obteña os ditos certificados.**
- **Formulario 2** que inclúe:
  - Certificado do secretario co nome do representante da asociación para asinar as declaracións que se achegan no documento.
  - Declaración conforme a asociación no ten ánimo de lucro e está legalmente constituída.
  - Declaración xurada de atoparse ao corrente en obrigas fiscais e coa Seguridade Social
  - Declaración de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas
  - Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas para as mesmas finalidades ou, de recibilas, detalle do financiamento obtido.
  - Declaración do representante da asociación co número de socios , a cuota que se cobra a cada socio e os ingresos obtidos a 31/12/2018. Xuntando copia da acta
  - Declaración facendo constar a colaboración do Concello de Ponteareas nos programas, lonas, carteis, etc. que se realizaron para promocionar as

actividades culturais, incluíndo os logos normalizados do Concello (facilitanse no Departamento de Cultura).

- **Formulario 3** coa Ficha de Terceiros, debidamente cuberta, se houbo modificacións dende a última presentada
- **Taboa de gastos e ingresos dende o 1 de outubro** por partidas separadas (mantemento, obras, pinchos, publicidade/difusión, electricidade, actos, cursos, etc.)
- **Memoria das actividades** levadas a cabo pola entidade **ende o 1 de outubro**, asinada polo representante, detallando título ou denominación da actividade, breve resumo da actividade, data de realización, tipo de actividade (cultural, tradicional, lúdica, deportiva, relixiosa,...), número de persoas beneficiadas ou asistentes, custo da actividade (desglosando as cantidades satisfeitas con recursos propios, e as axudas públicas ou privadas tanto en diñeiro como en materiais) Xuntarase a copia da cartelería ou boletín que xustifique a actividade.
- **Copias de facturas do gasto eléctrico** durante o periodo obxeto de subvención **a partir do 01/10/2018**

Coa finalidade de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria as/os interesadas/os, así como a outros servizos ou expertos.

Os beneficiarios estarán obrigados a poñer en coñecemento do Concello a concesión doutras axudas de organismos públicos para a mesma finalidade. En ningún caso a axuda municipal concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entres públicos, supere o custo da actividade subvencionada.

## 7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os Centros e Casas culturais obterán unha axuda que estará composta polos seguintes apartados:

- A) Unha partida económica inicial fixa e igual para todos, por importe de 300 euros, para gastos xerais como limpeza, mantemento, ou calquera outra subministración.
- B) As casas culturais, que asumen os custes enerxéticos (electricidade e combustible) recibirán unha cantidade fixa de 200 euros.
- C) Unha partida económica variable en función da puntuación final acadada como resultado da suma dos puntos dos apartados seguintes

Esta cantidade variable, que a continuación se detalla, obtense dividindo a cantidade resultante, unha vez descontados os apartados A) e B), entre a puntuación obtida entre todos e será repartida proporcionalmente entre todas as casas e centros culturais.

- ➔ A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación os seguintes criterios: Subvención en función do número de socios de cada centro, sempre e cando conste a súa alta no correspondente libro ou rexistro de socios.
  - a) ata 100 socios: .....2 puntos
  - b) de 101 a 200 socios: .....5 puntos
  - c) de 201 a 300 socios.....8 puntos
  - d) de 301 a 500 socios.....11 puntos
  - e) Máis de 501 socios: .....10 puntos

**Só se considerarán a efectos de cómputo os membros das asociacións culturais que paguen cuota.**

- ➔ Subvención as casas Culturais sitas no rural que asuman o custes de enerxía eléctrica en función do custe total a partir do 01/10/2018.
  - a)-Por importe maior de 500 euros ata 1000 euros (*ata 5 puntos*).
  - b)-Por importe maior de 1001 euros ata 2000 euros (*Ata 10 puntos*)
  - c)-Por importe maior de 2001 euros (*12 puntos*)

- Representatividade da entidade peticionaria no Concello, atendendo ó número de actividades desenvolvidas (*Ata 12 puntos*)
- En función do número de actividades que se fan ao mes, organizadas e financiadas exclusivamente, tendo en conta os actos puntuais que animan a participación social mediante actividades culturais. (*Ata 10 puntos*)
- Uso e fomento da lingua galega no ámbito de actuación de cada entidade. (*Ata 10 puntos*).
- En función do horario de apertura do espazo cedido ao Concello a través do programa EDUSI. (*Ata 12 puntos*)

Non se considera obxecto de subvención, as viaxes de ocio, os agasallos, pinchos, as excursións, actividades que cobren a inscrición, as festas relixiosas e gastronómicas.

## **8.-RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES**

Para a resolución de solicitudes crearase unha Comisión de Avaliación que estará constituída polos seguintes membros, todos eles con voz e voto:

- a) Presidente: o alcalde do Concello de Ponteareas e/ou a concelleira de Cultura, con voz e un voto.
- b) Dous vogais: un designado entre o persoal municipal do Departamento de Cultura e outro do Departamento de Intervención municipal. Con voz e voto. Un dos vogais actuará de Secretario

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe o alcalde.

A Comisión de Valoración verificará que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos na convocatoria. Analizará e valorará as solicitudes e documentación presentadas e emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, coa aplicación dos criterios previstos nestas bases, o cal terá o carácter de proposta de resolución provisional, debidamente motivada. Ésta será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Ponteareas e na páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), concedéndose un prazo de dez días para formular alegacións, contados a partir do día seguinte a súa publicación.

Examinadas as alegacións presentadas, no seu caso, polos interesados, a Comisión de Valoración elaborará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a estas bases, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar os solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Na proposta farase constar que, da información que obra no poder da Comisión de Valoración, se desprende que os beneficiarios propostos cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

A Comisión poderá, en calquera momento, do procedemento do expediente administrativo da subvención, solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

## **9. RESOLUCION.-**

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A partir da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante Resolución de Alcadia que deberá conter a relación de entidades beneficiarias e o importe concedido, e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan. O acordo definitivo que outorga ou denega a subvención será notificado aos solicitantes.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios electrónico e notificaráselle aos interesados conforme ao previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de 2 de

outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Ningunha subvención poderá superar a porcentaxe máxima do 100% do gasto subvencionable.

## 10. NOTIFICACIÓN E DESESTIMACIÓN

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados de acordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 11.-ACEPTACIÓN, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTOS

Notificada a resolución definitiva, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria.

**O prazo para a xustificación indícase xunto coa notificación da resolución coas cantidades concedidas**, en todo caso esta data límite non poderá exceder do 31 de decembro de 2019.

No caso de que se xustifiquen os gastos polo 100% da cantidade concedida na valoración da comisión, aboarase a totalidade da subvención. E no caso, de non xustificarse a totalidade da cantidade concedida, a subvención será minorada na mesma proporción.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

A xustificación da subvención acreditarase achegando a seguinte documentación:

- a) **Formulario 5** coa conta xustificativa de gastos nas actividades realizadas, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e identificando o acredor, importe, data de emisión, e data de pago.
- b) **Facturas** ou documentos con valor probatorio equivalente que se presentarán electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso as copias dixitalizadas



presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. **Deberá acompañarse xustificante bancario no que deben constar o número de factura, obxecto de pago, identificación da persoa pagadora e a destinataria do pago, que deberá coincidir con quen expide a factura. As entidades beneficiarias das subvencións municipais deben utilizar, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario.**

**Admitiranse as facturas cuxa data esté incluída entre o 1 de outubro de 2018 e a data da resolución da concesión da subvención.**

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Ponteareas polo uso das instalacións nin como de calquera tributo ou prezo público satisfeito ao Concello. Tampouco serán gastos xustificables os gastos de inversión, os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, nóminas, recargos e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais. **As facturas que se empreguen para xustificar esta subvención non se poden empregar para xustificar outras.**

Non se admiten facturas de gastos en alimentación, menaxe, excursións, de eventos relixiosos e festas gastronómicas.

- c) Copias de folletos, carteis, etc. que se confeccionaron para promocionar a actividade a partir o 1 de outubro, queda excluído se xa se presentou xunto coa solicitude
- d) Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas para a mesma finalidade ou, de recibilas, detalle do financiamento obtido **(incluída no formulario 5).**

- e) Declaración responsable de que a entidade está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria e Autonómica, coa Seguridade Social e co Concello de Ponteareas (***incluída no formulario 5***).

## **12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:

- Presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- Empregalo distintivo do Concello de Ponteareas en tódalas actividades e comunicacións que promovan ( publicacións, carteis, rótulos, etc.).
- O compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión de calquera actividade ou evento, así como, o emprego do idioma galego.
- Colaborar na organización das actividades culturais que lle sexan propostas pola Concellería de Cultura no propio centro ou casa cultural e a difusión.

## **13.-DEVOLUCIÓN E REINTEGRO**

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas non seguintes casos:

1.-Por obtelas falseando as condicións requiridas

2.-Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

## **14.-VIXENCIA E ACEPTACIÓN DAS BASES**

Estas bases estarán vixentes ata o 31 de decembro de 2019 e estará condicionado á existencia de consignación orzamentaria. **A presentación da solicitude supón a aceptación destas bases.**

## 15.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro do Concello de Ponteareas, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.

O órgano responsable deste ficheiro é o departamento de cultura do Concello de Ponteareas. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Concello de Ponteareas, mediante a entrega dunha instancia por Rexistro de Entrada

## 16.-DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para o non establecido nas presentes bases serán de aplicación as bases de execución do orzamento municipal e demais lexislación aplicable.

Ponteareas, 9 de maio de 2019.